



## ACORDOS DA COMISIÓN PERMANENTE

### Sesión ordinaria do 12 de xuño de 2019

1.- Propoñer o nomeamento do profesor Enrique Manuel Blanco Lorenzo como coordinador do Mestrado Universitario en Rehabilitación Arquitectónica, con data de efectos do 28 de maio de 2019.

2.- Realizar as seguintes modificacións puntuais en comisións:

- Comisión Académica do Mestrado Universitario en Rehabilitación Arquitectónica  
Presidente: Director do centro  
Vicepresidente: Coordinador do Mestrado  
Vogal representante do alumnado: José Manuel García Castro (en substitución de Sonia Rodríguez Beltrán)  
Vogal: Administradora da ETSAC  
O resto de vogais, representantes das áreas, mantéñense.
- Comisión Académica do Mestrado Universitario en Arquitectura  
Vogal: O subdirector-xefe de estudos da ETSAC  
O resto dos membros mantéñense.
- Tribunal de Avaliación por Compensación  
Secretario: Secretario da ETSAC/ Suplente 1: M<sup>a</sup> Dolores Otero Chans/ Suplente 2: M<sup>a</sup> Victoria Otero Piñeiro
- Comisión Económica  
Pablo López Arias en substitución de Roberto Rey Herrera
- Comisión Biblioteca  
Javier Muíños Pereira en substitución de Xoán Rodríguez Caridad

3.- Respecto das propostas de temas de PFC para o curso 2019/20, os responsables das titulacións trataran cos talleres as cuestións xurdidas nesta reunión, e traeranse as modificacións das propostas a unha vindeira reunión desta comisión.

4.- Aprobar os horarios do curso académico 2019/20, delegando no xefe de estudos as posibles modificacións puntuais, consensuadas coas áreas afectadas.

5.- Aprobar o calendario de exames do curso académico 2019/20, delegando no xefe de estudos as posibles modificacións puntuais, consensuadas coas áreas afectadas.

A Coruña, a 12 de xuño de 2019

O secretario da ETSAC

Antonio Raya de Blas